



CONCELLO DE REDONDELA

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-1664, con data de 05/07/2023 pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas, para a contratación laboral temporal de: 1 TRABALLADOR/A SOCIAL, para levar a cabo o Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

A Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello de Redondela unha axuda de 237.359,40 euros para levar a cabo o Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), para a contratación laboral temporal de 15 traballadores/as, a tempo completo.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-0404, con data de 15/02/2023, pola que aprobaba as bases que rexerán a contratación de 15 traballadores/as (1 TRABALLADOR/A SOCIAL; 3 GUÍAS DE TURISMO; 3 AXUDANTES DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE; 8 PEÓNS OBRAS E SERVIZOS), por medio dun contrato de traballo, para a mellora da ocupabilidade, a tempo completo, dentro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3).

De acordo co establecido nas Bases reguladoras e na convocatoria do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), o concello recorreu á oficina pública de emprego do servizo público de emprego de Galicia para realizar a preselección das persoas candidatas que reúnan os requisitos das bases a través da presentación das correspondentes ofertas de emprego o día 16/02/2023.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-0881, con data de 31/03/2023, pola que resolveu contratar a Ana Isabel Vidal Sobral, con DNI núm.: *****607-C, como TRABALLADORA SOCIAL, dende o 03/04/2023 ata o 02/10/2023.

Ana Isabel Vidal Sobral, con DNI núm.: *****607-C, presentou unha instancia, con data de 19/06/2023 e con rexistro de entrada neste concello núm.: 2023-E-RC-11114, na que renuncia voluntariamente ao seu posto de traballo como traballadora social, por mellora de emprego, con efectos do 21/06/2023.

Ao non quedar lista de reserva, se presenta nova oferta a través da Oficina Pública de Emprego de Redondela para iniciar un novo proceso de selección dun posto de traballador/a social segundo o previsto nas bases para a selección de persoal, en réxime laboral temporal, dentro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023





(Liña 3).

A oficina pública de emprego do servizo público de emprego de Galicia preseleccionou ao seguinte número de persoas candidatas:

-1 posto de TRABALLADOR/A SOCIAL (Oferta 12-2023-7157): 8 persoas.

As persoas preseleccionadas que foron contactadas polo Departamento de Persoal vía telefónica e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que remitíu a Oficina de Emprego de Redondela tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos de selección, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento, para presentar a instancia de participación nos procesos para os que foron preseleccionadas.

Tras finalizar o prazo de presentación de instancias e segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos selectivos que se aprobaron con data de 15/02/2023, é polo que, e en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 1 TRABALLADORA SOCIAL, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	DÍAZ VIVES, LOURDES	*****807-E
2	GONZÁLEZ SILVA, ANA	*****498-P
3	RODRÍGUEZ COLLAZO, M. ^a MERCEDES	*****702-H

* Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), núm.: 50, do 13/03/2015, o feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

SEGUNDO: As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo tribunal, no prazo de **3 días hábiles**, a contar dende o





CONCELLO DE REDONDELA

día seguinte ao da publicación da dita relación.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada, xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

TERCEIRO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación provisional de persoas admitidas e excluídas destes procesos selectivos.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: TK6RCJHNYKXPDXFZCTO4S662F7
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

